

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González
D. David Regades Fernández

Invitados:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(464).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de abril de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(465).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL” DOA, PARA O MANTEMENTO DOS PROGRAMAS PSICOSOCIAIS E DOS CENTROS. ANO 2013. EXPTE. 9702/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.04.13, o informe de fiscalización do 22.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 18.04.13, conformado

pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a Asociación de Ayuda al Enfermo Mental, con CIF G-36044295, unha subvención por importe de 7.290,00 € en concepto de mantemento dos centros protexidos de Vigo, e programas psicosociais para o ano 2013, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación do orzamento actual.

2º.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

3º.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4º.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5º.- A beneficiaria, antes do día 10 de decembro do presente ano, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado

pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

7º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

9º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigadocumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11º.- O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

12º.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(466).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MENELA, PARA O PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR. ANO 2013. EXPTE. 81841/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.04.13, o informe de fiscalización do 25.04.13, e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da área de Benestar, e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Fundación Menela, con CIF: G36685964, por un importe total de 15.000 euros, con cargo á partida 2310.4890009 –Covenio Fundación Menela-.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Fundación Menela, colaboradora co Departamento de Política de Benestar, para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade.

3º.- Aprobar o gasto total de 15.000 euros a favor da Fundación Menela, con CIF: G36685964, con cargo á partida 2310.4980009 –Convenio Fundación Menela- do orzamento de 2013.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR – ANO 2013».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2013

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario da “Fundación Menela”, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da “Fundación Menela”, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Menela” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sufren enfermidade ou marxinación social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.

II.- Que, a través de convenios como o presente, a “Fundación Menela” ven prestando un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este servizo para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social; servizos declarados obrigatorios para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.k) e 26.1.c) LRBRL e 80.2.k) e 81.c) LALGA).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da

entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2013, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Fundación Menela" para a prestación dun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., consistente en estanzas de curta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio CAMI da "Fundación Menela", situado na rúa Laxe nº 3 de Vigo, onde, ademais das actividades de autoalimento, aseo, alimentación, etc., realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política de Benestar, e a "Fundación Menela" comprométese a colaborar activamente na execución do Programa de "Respiro Familiar". O réxime de prestación deste Servizo será o seguinte:

- a) Para o acceso ó mesmo, as persoas discapacitadas deberán estar empadroadas en Vigo, ter unha idade comprendida entre os 3 e os 50 anos e realizar a achega económica correspondente.
- b) As estancias poderán ser como mínimo de 1 día e como máximo de 3, en fins de semana, agás casos excepcionais que se atenderán calquera día da semana ata un máximo de seis, previa autorización municipal.
- c) Cada persoa usuaria poderá gozar como máximo de 4 estanzas ó longo da duración do convenio anual.
- d) O número máximo de persoas usuarias por estanza será de 4, atendidos por dous profesionais que permitan garantir a prestación do servizo.
- e) Agás excepción aprobada polo Concello, os fins de semana que se realice o servizo de "Respiro familiar", deberán estar as 4 estanzas/día cubertas.

f) Realizaranse actividades turísticas e culturais na cidade de Vigo.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade "Fundación Menela" unha subvención para o exercicio de 2013 por importe de 15.000,00 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos.

CUARTA.- O programa levarase a cabo durante todo o ano 2013 ata esgotar o importe total da subvención anual.

Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo, achegará a cantidade de 15.000,00 €, que irán con cargo á partida 2310.4890009 do exercicio de 2013.

Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- 1) Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*
- 2) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro do ano 2013, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

QUINTA.- Este programa de "Respiro familiar" é cofinanciado pola Concellería de Política de Benestar e os beneficiarios do mesmo. O custo da estanza por usuario e día ascende a 167,92 €, incluíndo: aloxamento, manutención en réxime de pensión completa en cuartos dobres ou individuais e retribución a monitores.

A achega do usuario do servizo será do 26,79% da estanza (45,00 € persoa/día) e a achega municipal do 73,21% (122,93 € persoa/día).

Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán por conta da persoa usuaria (cafetería, compras...).

SEXTA.- Para a participación no Programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días. A documentación que deberán achegar será a seguinte:

- 1. Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.*
- 2. Autorización materna/paterna.*
- 3. Ficha de datos (coberta e asinada) segundo o modelo adxunto.*

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por "renta per cápita", tendo preferencia as de menor contía, agás as que a traballadora social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais. Para estes efectos, considérase que existe unha urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave

ou hospitalización do cuidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 4 días.

A mes vencido, a “Fundación Menela” enviará ó Concello de Vigo unha relación das persoas usuarias na que se farán constar os datos de identificación, tipo de discapacidade, porcentaxe de minusvalía, data, hora de entrada e saída no programa e importe de cada usuario/a.

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da “Fundación Menela” e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

UNDÉCIMA.- A “Fundación Menela” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DUODÉCIMA.- A “Fundación Menela” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Para a xustificación do ano 2013, a beneficiaria, antes do 30 de novembro de 2013 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 2. *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
 3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
 - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que

poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- A "Fundación Menela" queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

4(467).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DE RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN, INTERPOSTO POR SUSANA BERNÁRDEZ, ROSA BARANDELA E PATRICIA VILLAR EN RELACIÓN CO ANUNCIO DE

CONTRATACIÓN DE DIVERSOS SERVICIOS NOS CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 2716/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 29.04.13, conformado pola concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ó público nos Centros Cívicos municipais por procedemento aberto (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ó público nos Centros Cívicos municipais (PPT).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES

Dna. Susana Bernárdez Fernández, Dna. Rosa Barandela Vázquez e Dna. Patricia Villar Posada, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de abril de 2013, presentan recurso especial en materia de contratación contra os anuncios de apertura do procedemento para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ó público nos Centros Cívicos municipais, publicados no Diario Oficial de Galicia o día 21.03.2013 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 22.03.2013.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos de portería, control de acceso e información ó público nos Centros Cívicos municipais xuntamente co gasto, en data 18 de xaneiro de 2013, e acordou abrir o procedemento de licitación.

Son obxecto da presente impugnación os anuncios de apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*

Terceiro.- A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe os recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento) ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP).

Cuarto.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.*
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.*
- Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.*

Así, a impugnación dos anuncios de licitación é un acto susceptible deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública senón que é preciso unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. Para precisar esta cuestión é preciso acudir a xurisprudencia e a doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal para determinar se o recorrente con motivo do recurso interposto pode obter algún beneficio ou evitar prexuízo de algún tipo é requisito imprescindible que o recorrente óbstente a capacidade necesaria para

subscribir o correspondente contrato atendendo ó obxecto do mesmo (Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC 170/2011). Define a xurisprudencia a lexitimación ad causam como “atribución a un determinado sujeto de un derecho subjetivo reaccional, que le permite impugnar una actuación administrativa que él considera ilegal, y que ha incidido en su esfera vital de intereses y la defensa de ese derecho requiere, como presupuesto procesal, que el acto impugnado afecte, por tanto, a un interés del recurrente” (Sentencia de 21 de abril de 1997 (RJ 1997, 3337).

Nas recorrentes non concorre ningún dos citados presupostos polo que non se lles recoñece lexitimación activa. En efecto, se trata de traballadoras que desempeñan na actualidade prestacións propias do servizo obxecto desta licitación. Fundamentan o seu recurso na presentación dunha reclamación previa á vía xurisdiccional laboral a este Concello solicitando que se recoñeza a existencia de cesión ilegal nas súas relacións laborais e, en consecuencia, se declare a súa condición de traballadoras laborais indefinidas desta Administración, coa categoría profesional de oficial de 2ª administrativo. Consideran que de ser recoñecidas as súas pretensións o Concello o ben tería que indemnizar o futuro contratista por canto as funcións obxecto do contrato xa son desempeñadas por persoal municipal e non tería sentido a súa contratación, ou ben tería que encomendarlles o desempeño doutras funcións. No entanto, o presente contrato non so engloba as prestacións desempeñadas polas recorrentes senón outras tantas. Con independencia do eventual recoñecemento das pretensións das recorrentes, ilo non obsta a existencia de necesidades administrativas que se pretenden cubrir con este contrato.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, e se presentará ante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 LCSP), requisito que non se cumpre no presente caso. No entanto, segundo Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais 211/2011, non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta ante o propio órgano de contratación. Fundamenta este criterio sinalando que “el anuncio de interposición está establecido por el legislador con la finalidad de que el órgano de contratación sepa que contra su resolución, sea cual fuere esta, se va a interponer el pertinente recurso. Por tanto, la omisión del requisito en los casos en que la interposición del recurso se verifique directamente ante el órgano de contratación, como es el caso del expediente en cuestión, no puede considerarse como un vicio que obste a la válida prosecución del procedimiento y el dictado de una resolución contra el fondo del recurso”.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No mesmo farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por haberlla transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaía ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste mesmo prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso. Aclara que no caso de que o recurso se presente contra o anuncio de licitación, como no presente caso, o prazo comezará a contarse a partir do día seguinte o da publicación (artigo 44.2.c TRLCSP). Como os anuncios de licitación deste procedemento publicáronse no Diario Oficial de Galicia o día 21.03.2013 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 22.03.2013, o cómputo do prazo comezou o día 23.03.2013 e rematou o día 11.04.2013. A interposición do recurso o día 05.04.2013 se produzo dentro de prazo.

Se ben o recurso reúne os requisitos obxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, non procede a súa admisión por canto as recorrentes carecen de lexitimación activa para a súa interposición, en consecuencia, non poderá resolverse sobre o fondo do mesmo.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente recurso no ámbito das Corporacións Locais, será determinada polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación. A falta de previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia corresponderá ó mesmo órgano ó que as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se integran as Corporacións Locais atribúan a competencia para resolver os recursos do seu ámbito (artigo 41 TRLCSP). No entanto, a falta deste órgano autonómico, previsto na Lei de acompañamento ós presupostos da comunidade autónoma de Galicia para 2011, pero que aínda no ten sido creado por Decreto do goberno autonómico, no presente caso deberá resolver o recurso á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Inadmitir o recurso especial en materia de contratación interposto por Dna. Susana Bernárdez Fernández, Dna. Rosa Barandela Vázquez e Dna. Patricia Villar Posada, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de abril de 2013, contra os anuncios de licitación do procedemento para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ó público nos Centros Cívicos municipais, publicados no Diario Oficial de Galicia o día 21.03.2013 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 22.03.2013, por falta de lexitimación activa das recorrentes, segundo o exposto no fundamento xurídico cuarto.

2º.- Notificar a presente resolución ás recorrentes.

3º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(468).- DAR CONTA DO LEVANTAMENTO TEMPORAL DA OBRA “A VIRXE POÑENDO AO NENO DURMIDO SOBRE A PALLA” PARA A SÚA INCORPORACIÓN A EXPOSICIÓN NO MUSEO DO PRADO. EXPTE. 4867/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, que di o seguinte:

Con data 26 de marzo de 2013 o Museo Nacional do Prado comunica ao Museo municipal "Quiñones de León" a Orde ministerial de 20 de marzo de 2013 (LEV TERM. 10/13) para o levantamento temporal do depósito da obra identificada como:

- *Autor: Maratti, Carlo*
- *Título: A Virxe poñendo ao neno durmido sobre a palla*
- *Técnica: Óleo / Táboa*
- *Medidas: c/m 59 x 59 cm.*
- *Nº inv: 8429*
- *Depósito do Museo Nacional do Prado*

O levantamento da obra, adscrita à colección permanente do Museo Nacional do Prado, depositada no Museo municipal "Quiñones de León"; ven motivado pola súa incorporación á exposición temporal "A Beleza pechada" que está a organizar o Museo Nacional e que terá lugar entre os meses de maio e novembro de 2013.

Conforme o regulamentariamente establecido o levantamento do depósito executouse sen incidencias o día 23 de abril; do que se da conta à Xunta de Goberno Local ós efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(469).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ÁREA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DA XEFATURA DO SERVIZO DE FESTAS COMO COORDINADORA DA XESTIÓN DOS DIFERENTES ESPAZOS DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 5036/335.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, do 15.04.13, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 14.12.2012 a Alcaldía delegou nesta Concellería a interlocución, comunicación e relacións de calquera natureza que podan derivarse do cumprimento e seguimento da xestión da concesión de obra pública que o Concello de Vigo ten subscrito coa mercantil "Pazo de Congressos Mar de Vigo S.A." en relación co Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

Conforme o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas que rexe no contrato de concesión de obra pública do Auditorio - Pazo de Congressos e conforme o sinalado polo adxudicatario na súa oferta, concretada no Regulamento de Servizo do Auditorio-Pazo de Congressos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data de 21.10.2011, o uso ou utilización gratuita correspondente ao Concello de Vigo respecto dos diferentes espazos existentes na dotación pública mencionada se concreta nos seguintes periodos:

30 días/ano Sala Principal

30 días/ano Sala Secundaria

20 días/ano Salas de Congressos (Salas Polivalentes)

20 días/ano Hall Principal

En virtude da Resolución da Alcaldía de data 07.02.2013 pola que se determinan as delegacións nas diferentes áreas de goberno municipal, a esta Concellería Delegada lle corresponde establecer as directrices xerais e a política municipal en materia de cultura determinando os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos distintos equipamentos culturais do Concello.

Ao amparo das delegacións mencionadas, resolvo:

PRIMEIRO: Designar á Xefatura do Servizo de Festas, como servizo coordinador responsable da xestión da utilización municipal dos diferentes espazos existentes no Auditorio-Pazo de Congresos, tal coordinación supoñerá a interlocución e comunicación coa mercantil concesionaria ou con aquela responsable da explotación do Pazo-Auditorio, a tramitación dos distintos gastos e calquera outra cuestión derivada da utilización, así como a contratación do Plan de Autoprotección e Seguridade nos distintos eventos.

SEGUNDO: A utilización municipal dos espazos existentes no Auditorio-Pazo de Congresos poderá levarse a cabo mediante un uso directo municipal ou mediante a cesión do uso de ditos espazos a terceiros solicitantes, a estes efectos o Servizo de Festas redactará as bases de cesión que serán elevadas á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

TERCEIRO: Notificar a presente Resolución a funcionaria titular da Xefatura de Festas, a Intervención Xeral e dar conta individualizada da mesma á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(470).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA). ANO 2013. EXPTE. 14852/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.04.13, o informe de fiscalización, do 26.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 23.04.13, conformado pola delegada da Área de Educación e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto a que da lugar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que supón un custe de 656.039,31-€ (SEISCENTOS CINCOENTA E SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS), a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA (CIF: G-36.743.946), con cargo á partida 3210.489.00.01 (convenio FOANPA) do vixente presuposto municipal .

2º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA, que de deseguido se dí:

“PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, Dona M^a Carmen Vázquez Barreiro, como presidenta en funcións da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 14852-332

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. Polo tanto, a LOE recolle esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo reconece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2013, na súa partida 3210.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 656.039,31.-€, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (expte. 81575-301 para o curso 2013-2014)

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2013.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14852-332

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inquiredanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.

- 3 *Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
- 4 *Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5 *Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.*
- 6 *Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7 *Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
- 8 *En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de 656.039,31-€ (SEISCENTOS CINCOENTA E SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:*
 - *PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 200.000,00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 31 de maio.*
 - *SEGUNDO PAGO: por importe de 228.019,65.-€ a fin de curso e antes do 31 de xuño, e*
 - *TERCEIRO PAGO: por importe de 228.019,66.-€, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*
2. *O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extra-escolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera serlo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sendo necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coa base 38.11 de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA, comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Oitavo.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013.

Décimo.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo primeiro.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, o Xefe do servizo de educación, un/ha Técnico/a do Servizo de Educación do Concello de Vigo e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2013, o formulario contido no anexo I do convenio, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo terceiro.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

